

# **Programación Didáctica da aula de Educación Artística, Música.**

## **6º curso de Educación Primaria**

## Índice

Introdución e contextualización.....	Páx. 3
As competencias educativas do currículo.....	Páx. 3
Contribución da música ás competencias clave.....	Páx. 4
Obxectivos curriculares da Educación Primaria.....	Páx. 4
A área de Educación Artística.....	Páx. 5
Programación Didáctica da Aula de Educación Artística, Música, de 6º de Educación Primaria.....	Páx. 6
Orientacións metodolóxicas e mínimos esixibles.....	Páx. 37
Autoavaliación e ferramentas de avaliación.....	Páx. 39

## **Introdución e contextualización:**

Esta programación vaise levar a cabo nun CEIP situado nun contexto urbano, en Ferrol, onde o número de alumnos por aula é de 25.

Á hora de traballar, será necesario ter en conta os coñecementos previos do alumnado, e non usaremos libro de texto. Empregaremos fichas e algún dos temas de EDIXGAL. En xeral, tentaremos repasar o fin do curso anterior para “refrescar” coñecementos, e xa poderemos traballar coa fruta e instrumentos musicais na aula.

Na programación imos ser máis concretos ca no decreto 105/2014, do 4 de setembro, onde nos aparecen os obxectivos de etapa, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave dun xeito máis xeral. Tendo en conta o carácter aberto do currículo, ímolos concretar un pouco máis mediante as actividades que realizaremos na aula.

## **As competencias educativas do currículo**

O decreto de referencia baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que supoñerán un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros

compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A Unión Europea denomínaas competencia clave entendéndoas como “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

As competencias clave do currículo son as sete seguintes:

- Comunicación lingüística (CL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (AA).
- Competencias sociais e cívicas (SC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- Conciencia e expresións culturais (CEC).

## **Contribución da Música ás competencias clave:**

Dende esta área debemos contribuir á adquisición das competencias clave. Desde xeito, contribuiremos á CL mediante a realización de debates, o intercambio de ideas..., á CMCT mediante a discriminación das diferentes figuras musicais..., á CD mediante o emprego dos ordenadores nalgunha ocasión...; á de AA mediante actividades nas que terán que pensar diferentes solucións..., ás competencias SC mediante a elaboración de tarefas en grupo..., á IE mediante actividades onde terán que buscar solucións imaxinadas ou creadas por eles mesmos..., e á CEC é á que máis se contribuirá, por será moi frecuente a escoita e valoración de diferentes obras culturais.

## **Obxectivos curriculares da Educación Primaria**

Antes de comezar é necesario recordar os obxectivos da etapa:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

## A área de Educación Artística

A área de Educación Artística dividiuse en dúas partes: a Educación Plástica, e a Educación Musical, atendendo ao estudo das linguaxes propias de cada un destes ámbitos. Á súa vez, cada un deles subdivídese en tres bloques, que aínda estando relacionados entre si manteñen certas diferenzas co resto. Non obstante, no seu desenvolvemento metodolóxico o docente poderá abordar de maneira conxunta os diferentes bloques.

Bloques da Educación Plástica:

- **Bloque 1.** Educación audiovisual.
- **Bloque 2.** Educación artística.
- **Bloque 3.** Debuxo xeométrico.

Bloques da Educación Musical:

- **Bloque 1.** Escoita.
- **Bloque 2.** Interpretación musical.
- **Bloque 3.** A música, o movemento e a danza.

Ademais do compoñente comunicativo das ensinanzas artísticas, estas disciplinas teñen tamén un compoñente expresivo das propias ideas, vivencias e sentimentos e constitúen un referente cultural para os alumnos.

## **PROGRAMACIÓN DA AULA DO PRIMEIRO TRIMESTRE**

### **OBXECTIVOS CURRICULARES**

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

### **PUNTO DE PARTIDA DO PRIMEIRO TRIMESTRE**

A comezos de curso indicárase o material necesario para o desenvolvemento das clases, que será unha libreta de partituras



e a fruta doce. Informarase tamén do proceso de avaliación (40 % probas, 35 % observación e traballo diario e desenvolvemento en E-DIXGAL e 25 % actitude).

- **Enfoque do trimestre.** Este trimestre comeza cun xogo de pasar a bola imaxinaria. Realizaranse actividades de repaso referentes ao estudo da linguaxe musical, porque o imos necesitar para levar a cabo actividades de interpretación musical na fruta.

Os nenos, que experimentaron a música e o ritmo de forma sistemática nos cursos anteriores, seguirán estudando como se representan os diferentes parámetros en linguaxe musical convencional.

A cultura musical (tanto galega coma internacional) intégrase en practicamente todas as sesións como contexto da creación, a través das audicións.

Igualmente, a variedade de actividades vinculadas coa expresión corporal dos elementos da música permitirá que os nenos e as nenas interioricen os conceptos máis facilmente.

- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos exploraron xa as calidades do son (altura, intensidade, timbre e duración), a diferenza entre son e silencio e o valor do ritmo nas interpretacións musicais. Tamén practicaron diferentes interpretacións, vocais e instrumentais, prestando atención a estes parámetros. Ademais, coñecen a posición das notas no pentagrama e de DO grave a RE agudo na fruta (tamén a nota SIb).
- **Previsión de dificultades.** O alumno poderá encontrar dificultades á hora de agrupar os tempos da música en compases (binarios, ternarios e cuaternarios). Para iso, será habitual a realización de exercicios onde se traballarán os tipos de compases, pulsos, acentos, etc...

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>1. ESCOITA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os diferentes tipos de compases.</li> <li>• O ton e o semitón.</li> <li>• O timbre musical.</li> <li>• A orquestra sinfónica e as bandas.</li> <li>• Matices de intensidade.</li> <li>• As voces e obras musicais.</li> <li>• Audición clásicas mediante musicogramas.</li> </ul>	<p><b>B1-1.</b> Utilizar a escoita musical para indagar nas variacións ou diferentes posibilidades que nos ofrecen os sons.</p> <p><b>B1-2.</b> Discriminar auditivamente diferentes familias instrumentais, as voces humanas e outros elementos musicais.</p> <p><b>B1-3.</b> Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ton e semitón.</li> <li>• A nota si bemol en fruta.</li> <li>• Repaso das notas de do grave a re agudo na fruta.</li> <li>• O diapasón.</li> <li>• Xogos de acompañamento de cancións (actuais) con percusión corporal.</li> <li>• Interpretación con fruta doce: <i>Ninna nanna, donde están las llaves?</i></li> <li>• Letra e música: Creación de textos para unha música dada, en grupos.</li> <li>• Creación de <i>ostinatos</i> rítmicos para acompañar unha canción.</li> <li>• Construcción de xoguetes musicais.</li> <li>• Realización de xogos populares musicais.</li> </ul>	<p><b>B2-1.</b> Interpretar utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas, asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando, tanto as achegas dos demais compañeiros coma á persoa que asume a dirección.</p> <p><b>B2-2.</b> Conseguir que o alumnado practique con xogos e xoguetes tradicionais de xeito autónomo.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>3. A MÚSICA, O MOVIMENTO E A DANZA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Movemento e danza.</li> <li>• Interpretación de bailes individuais de diferentes estilos: <i>twist</i>.</li> <li>• Expresión de ritmos e melodías mediante o movemento.</li> <li>• Realización de diferentes bailes para unha mesma peza musical.</li> </ul>	<p><b>B3-1.</b> Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.</p>

## BLOQUE 1. ESCOITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B1-1.</b> Utilizar a escoita musical para indagar nas variacións ou diferentes posibilidades que nos ofrecen os sons.	<b>B1-1.1.</b> Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons do medio natural e social e das diferentes audicións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e explica a presenza da música e dos sons no contorno, utilizando paulatinamente un vocabulario máis preciso.</li> <li>• Recoñece e clasifica as calidades dos sons (intensidade, altura, duración e timbre) e identifica velocidades e timbres na audición de pezas musicais.</li> </ul>	CL IE CEC
<b>B1-2.</b> Discriminar auditivamente diferentes familias instrumentais, as voces humanas e outros elementos musicais.	<p><b>B1-2.1.</b> Distingue tipos de voces, familias de instrumentos.</p> <p><b>B1-2.2.</b> Distingue diferentes distancias sonoras.</p> <p><b>B1-2.3.</b> Distingue instrumentos da aula.</p> <p><b>B1-2.4.</b> Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e partes do mundo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica auditivamente e nomea familias instrumentais.</li> <li>• Recoñece e diferencia ton e semitón.</li> <li>• Coñece e diferencia diferentes instrumentos da aula.</li> <li>• Mostra interese por descubrir a presenza de diferentes músicas e instrumentos alonxados da nosa cultura.</li> </ul>	CL AA IE CEC  AA IE CEC
<b>B1-3.</b> Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.	<b>B1-3.1.</b> Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presta atención e se mantén en silencio durante a escoita de pezas musicais, e explica a súa opinión sobre as audicións.</li> </ul>	CL AA IE CEC



## BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B2-1.</b> Interpretar utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas, asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando, tanto as achegas dos demais compañeiros coma á persoa que asume a dirección.	<b>B2-1.1.</b> Recoñece instrumentos de diferentes rexistros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece e clasifica os distintos instrumentos da aula en familia e grupo.</li> <li>• Mostra interese por coñecer as posibilidades sonoras de instrumentos e obxectos.</li> </ul>	CL AA
	<b>B2-1.2.</b> Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Le e comprende elementos da linguaxe musical (figuras, silencios...); e apóiase en partituras convencionais e non convencionais para acompañar e interpretar pezas musicais.</li> </ul>	CL AA CEC
	<b>B2-1.3.</b> Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Representa melodías e ritmos no pentagrama.</li> </ul>	CL IE CEC
	<b>B2-1.4.</b> Interpreta diferentes pezas musicais para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpreta cancións e melodías e acompaña pezas musicais con instrumentos.</li> </ul>	CSC CEC
	<b>B2-1.5.</b> Crea composicións individualmente e improvisa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballa e fai obras individualmente e improvisa.</li> </ul>	CEC IE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B2-2.</b> Conseguir que o alumnado practique con xogos e xoguetes tradicionais de xeito autónomo.	<b>B2-2.1.</b> Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou na internet, información sobre instrumentos, materiais, xogos ou xoguetes populares musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Busca na internet documentos textuais ou gráficos sobre tradicións musicais, instrumentos, etc...</li> <li>• Realiza xogos e xoguetes populares musicais.</li> </ul>	CL CD AA CEC

### BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B3-1.</b> Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.	<b>B3-1.1.</b> Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explora as posibilidades expresivas e sonoras do propio corpo e esforzase por expresarse mediante o movemento e a danza.</li> </ul>	AA CEC
	<b>B3-1.2.</b> Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos e axustándose cada vez mellor á música.</li> </ul>	CSC IE CEC
	<b>B3-1.3.</b> Coñece distintos tipos de danzas valorando a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece o valor de danzas doutras épocas e lugares e aprecia a súa importancia cultural.</li> </ul>	CEC CM
	<b>B3-1.4.</b> Crea diferentes bailes ou coreografías de xeito individual para unha mesma danza.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mostra creatividade para inventar novos xeitos de bailar unha peza musical.</li> </ul>	CEC CSC

## ACTIVIDADES

- Audicións da diferentes familias instrumentais.
- Audicións das diferentes voces vocais.
- Audicións mediante musicogramas.
- Escribir unha letra para unha canción tendo conta da coincidencia entre acentos musicais e lingüísticos.
- Interpretación coa fruta: *Ninna nanna, donde están las llaves?*
- Acompañamento da canción *Noche y día*.
- Danzas individualmente: *o twist*.

## OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	Modelo discursivo/expositivo. Modelo experiencial.	Actividade e experimentación. Participación. Motivación. Interacción.	Tarefas individuais.



RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Diario-clase.</p> <p>Ítems.</p> <p>Documentos gráficos ou textuais.</p> <p>Interpretacións e dramatizacións.</p>	<p><b>Cualificación cualitativa:</b></p> <p>Probas (40%).</p> <p>Observación diaria (35%).</p> <p>Comportamento (25%).</p>

<b>ENSINANZA INDIVIDUALIZADA</b>	Fichas de reforzo e explicacións máis minuciosas nos casos necesarios. Tamén xogos de palmadas para diferenciar as diferentes figuracións, etc...
----------------------------------	---

<b>TRABALLO COOPERATIVO</b>	A maioría das actividades van ser individuais, por mor da actual situación sanitaria.
-----------------------------	---

<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	Posibilidade de asistir a algún concerto didáctico.
------------------------------------	---

<b>PLANS E PROXECTOS</b>	<p>PROXECTO LECTOR E PLAN LINGÜÍSTICO: Lectura de textos e correcta explicación mediante o uso dos termos axeitados.</p> <p>PLAN TIC: Búsqueda de información usando os ordenadores portátiles EDIXGAL.</p> <p>PLAN DE CONVIVENCIA: Actividades grupais que requiren a colaboración e respecto entre iguais.</p>
--------------------------	--

<b>EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<p>Tratamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As relacións persoais: as diferenzas culturais, a tolerancia.</li> <li>• As relacións persoais: o respecto persoal, o recoñecemento dos dereitos dos demais.</li> </ul>
-----------------------------	---

## PROGRAMACIÓN DA AULA DO SEGUNDO TRIMESTRE

### OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

### PUNTO DE PARTIDA DO SEGUNDO TRIMESTRE

- **Enfoque do trimestre.** Neste trimestre séguese traballando a linguaxe musical, aprendendo e repasando diferentes termos. O estudo da linguaxe musical enfócase desde dúas perspectivas:

**Coma linguaxe universal** co seu propio código, propónse un traballo sistemático e rigoroso de presentación e tratamento de elementos musicais, de modos específicos de representación do son e da música.

**Como soporte creativo para a expresión persoal,** trabállanse os xestos e o mimo, cos que o alumnado deberá facer que os compañeiros relacionen música e movemento, realizando ás veces tamén adiviñas (para saber que tipo de música poden estar “bailando”).

Séguese tentando potenciar capacidades coma a creatividade e a imaxinación en actividades de expresión musical.

**O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos están familiarizados coas notas musicais e os distintos compases. Deste xeito, xa dispoñen dos recursos suficientes para facer da música un medio de expresión, co que isto supón para o seu desenvolvemento persoal. Ademais, xa coñecen o que son os tons e semitóns. Deste xeito, comezaremos a explicar o que son as alteracións (bemoles e sostenidos).

- **Previsión de dificultades.** O alumno poderá encontrar dificultades á hora de localizar as notas con alteracións, e para saber cal é o efecto destas alteracións nas notas. De todos xeitos, axudarémolles mediante o uso da fononimia.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>1. ESCOITA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O carácter dunha obra musical.</li> <li>• A melodía e o acompañamento.</li> <li>• As familias instrumentais.</li> <li>• As agrupacións musicais galegas: <i>grupo folk, banda de gaitas, pandereteiras, coral, orquestra de baile...</i></li> <li>• Audición mediante musicogramas.</li> <li>• Análise de obras musicais.</li> </ul>	<p><b>B1-1.</b> Utilizar a escoita musical para discriminar os diferentes elementos da música.</p> <p><b>B1-2.</b> Diferenciar os instrumentos das diferentes familias musicais.</p> <p><b>B1-3.</b> Coñecer exemplos de agrupacións variadas da nosa cultura.</p> <p><b>B1-4.</b> Diferenciar os diferentes termos de tempo mediante a escoita de obras musicais, e analizar diferentes características da obra.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de partituras convencionais e non convencionais (coas que improvisarán).</li> <li>• O acento musical e lingüístico.</li> <li>• Creación de prosodias musicais</li> <li>• Os signos de prolongación do son: <i>ligadura e punto</i>.</li> <li>• Interpretación coa fruta doce: <i>Himno alegría, himno galego</i>.</li> <li>• O compás binario, ternario e cuaternario.</li> <li>• Creación de melodías a partir dun ritmo dado.</li> </ul>	<p><b>B2-1.</b> Interpretar utilizando a linguaxe musical ou partituras non convencionais composicións sinxelas asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.</p> <p><b>B2-2.</b> Desfrutar coa práctica musical grupal e adquirir pautas de comportamento social.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Movemento e danza.</li> <li>• Danzas: <i>Merengue e bachata</i>.</li> <li>• Expresión libre mediante o movemento corporal.</li> </ul>	<p><b>B3-1.</b> Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.</p>

## BLOQUE 1. ESCOITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B1-1.</b> Utilizar a escoita musical para discriminar os diferentes elementos da música.	<b>B1-1.1.</b> Identifica e clasifica o carácter de diferentes fragmentos musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica as diferentes emocións ou sentimentos que poden provocar diferentes músicas.</li> </ul>	IE CEC
<b>B1-2.</b> Diferenciar os instrumentos das diferentes familias instrumentais.	<b>B1-2.1.</b> Distingue instrumentos tras a escoita de obras musicais, e é capaz de emitir unha valoración deles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica auditivamente e nomea instrumentos propios das diferentes familias.</li> <li>• Recoñece diferentes instrumentos dentro dunha mesma familia.</li> <li>• Describe os instrumentos musicais con vocabulario progresivamente máis preciso.</li> </ul>	CL AA IE CEC
<b>B1-3.</b> Coñecer exemplos de agrupacións variadas da nosa cultura.	<b>B1-3.1.</b> Coñece diferentes agrupacións da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe os nomes das agrupacións galegas ao escoitalos.</li> <li>• Valora e respecta as diferentes agrupacións existentes en Galicia.</li> </ul>	AA CEC
<b>B1-4.</b> Diferenciar os diferentes termos de tempo mediante a escoita de obras musicais, e analizar diferentes características da obra.	<p><b>B1-4.1.</b> Coñece os diferentes termos e velocidade e recoñéceos nas audicións.</p> <p><b>B1-4.2.</b> Analiza os diferentes parámetros dunha obra musical.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presta atención e mantense en silencio durante a escoita de pezas musicais.</li> <li>• Sabe o nome dos termos de velocidade.</li> <li>• Recoñece os termos de velocidade ao escoitar música.</li> <li>• Examina e explica as características dunha obra</li> </ul>	CL AA IE CEC

		musical (análise).	
--	--	--------------------	--

## BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B2-1.</b> Interpretar utilizando a linguaxe musical ou partituras non convencionais composicións sinxelas asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.	<b>B2-1.1.</b> Recoñece e clasifica instrumentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece e describe instrumentos propios da música popular (trompeta, saxofón, frauta traveseira) e os da aula.</li> </ul>	CL AA
	<b>B2-1.2.</b> Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Le e comprende elementos básicos da linguaxe musical (figuras, silencios, alteracións...); e apóiase en partituras convencionais para acompañar e interpretar pezas musicais.</li> </ul>	CL AA CEC
	<b>B2-1.3.</b> Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Representa melodías e ritmos en musicogramas, utilizando notacións convencionais e non convencionais.</li> </ul>	CL IE CEC
	<b>B2-1.4.</b> Interpreta diferentes pezas musicais con e sen acompañamento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interpreta e acompaña cancións e melodías en grupo ao unísono.</li> </ul>	CSC CEC
	<b>B2-1.5.</b> Coñece e interpreta cancións de distintos tipos, valorando a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mostra interese por coñecer diferentes manifestacións musicais e por participar na interpretación desas pezas, valorando a súa diversidade e riqueza.</li> </ul>	CEC IE AA



CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2-2. Desfrutar coa práctica musical grupal e adquirir pautas de comportamento social.	B2-2.1. Goza coa interpretación musical.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participa con gusto na práctica musical.</li> </ul>	CSC CEC
	B2-2.2. Compórtase adecuadamente en audicións e concertos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escoita e atende ás actividades ou audicións musicais.s</li> </ul>	CSC CEC

### BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B3-1. Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.	B3-1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explora as posibilidades expresivas e sonoras do propio corpo e esforzase por expresarse mediante o movemento e a danza.</li> </ul>	AA CEC
	B3-1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos e axustándose cada vez mellor á música.</li> </ul>	CSC IE CEC
	B3-1.3. Coñece distintos tipos de danzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece e interpreta diferentes tipos de danzas.</li> </ul>	CEC CM
	B3-1.4. Adecúa o movemento corporal á música que está a soar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Transmite as ideas musicais co seu movemento en concordancia coa música.</li> </ul>	CEC IE AA

<b>ACTIVIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Audicións de instrumentos das diferentes familias instrumentais.</li> <li>- Audicións das diferentes agrupacións musicais galegas.</li> <li>- Audicións para diferenciar os diferentes termos de velocidade.</li> <li>- Interpretación musical a partir de partituras convencionais.</li> <li>- Acompañamento de melodías con percusión corporal e con obxectos sonoros.</li> <li>- Interpretación coa fruta doce: <i>Himno alegría, himno galego</i>.</li> <li>- Poñer texto a unha música, e poñer música a un texto.</li> <li>- Danzas: <i>merengue e bachata</i>.</li> </ul>
--------------------	---

## OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
<b>ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS</b>	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Traballo por tarefas.</p>	<p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Interacción.</p>	<p>Tarefas individuais.</p>

	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
<b>RECURSOS PARA A AVALIACIÓN</b>	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Diario-clase.</p> <p>Ítems.</p> <p>Documentos gráficos ou textuais.</p> <p>Interpretacións e dramatizacións.</p>	<p><b>Cualificación cualitativa:</b></p> <p>Probas (40%).</p> <p>Observación diaria (35%).</p> <p>Comportamento (25%).</p>

--	--	--	--

<b>ENSINANZA INDIVIDUALIZADA</b>	Fichas de reforzo e explicacións máis minuciosas nos casos necesarios. Actividades para diferenciar os compases (binarios, dous pasos; ternarios, tres...), para ver o efecto das alteracións musicais, etc...
----------------------------------	--

<b>TRABALLO COOPERATIVO</b>	A maioría das actividades van ser individuais, por mor da actual situación sanitaria.
-----------------------------	---

<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	Posibilidade de asistir a algún concerto didáctico.
------------------------------------	---

<b>PLANS E PROXECTOS</b>	<p>PROXECTO LECTOR E PLAN LINGÜÍSTICO: Lectura de textos e correcta explicación mediante o uso dos termos axeitados.</p> <p>PLAN TIC: Búsqueda de información usando os ordenadores portátiles EDIXGAL.</p> <p>PLAN DE CONVIVENCIA: Actividades grupais que requiren a colaboración e respecto entre iguais.</p>
--------------------------	--

<b>EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<p>Tratamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As relacións persoais: as diferenzas culturais, a tolerancia.</li> <li>• As relacións persoais: o respecto persoal, o recoñecemento dos dereitos dos demais.</li> </ul>
-----------------------------	---

## PROGRAMACIÓN DA AULA DO TERCEIRO TRIMESTRE

### OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

### PUNTO DE PARTIDA DO TERCEIRO TRIMESTRE

- **Enfoque do trimestre.** Hai tres obxectivos esenciais que persegue o traballo sobre interpretación instrumental:

**Que os alumnos sexan capaces de ler e interpretar partituras** coa frauta, principalmente.

**Que interpreten e creen melodías, ritmos e acompañamentos con diferentes fórmulas.**

**Que improvisen e experimenten** a partir de fórmulas melódicas e rítmicas dadas.

- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos coñecen a maioría dos aspectos da linguaxe musical que necesitamos para levar a cabo interpretacións musicais, o que lles

permitirán crear melodías. Así mesmo, coñecen o que son os tons e semitóns, e as alteracións. Comezaremos a traballar con intervalos e coas diferentes fraccións dos compases.

- **Previsión de dificultades.** Neste trimestre as dificultades poden aparecer á hora de clasificar os intervalos ou

discriminar as diferentes partes dos compases (fortes ou débiles).

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>1. ESCOITA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tipos de música para BSO.</li> <li>• As partes fortes e débiles dos compases.</li> <li>• Os instrumentos musicais da aula e da orquestra.</li> <li>• Os estilos musicais.</li> <li>• As síncopes musicais e notas a contratempo.</li> <li>• Instrumentos populares doutras comunidades.</li> <li>• Audición de obras de música actual mediante musicograma: <i>Miña terra galega</i>, de Siniestro Total.</li> <li>• Períodos musicais: estilos, autores, obras...</li> </ul>	<p><b>B1-1.</b> Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.</p> <p><b>B1-2.</b> Diferenciar os instrumentos musicais, e coñecer a composición e colocación dos instrumentos da orquestra.</p> <p><b>B1-3.</b> Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acompañamento co corpo de cancións actuais: <i>pop, electro-latino...</i></li> <li>• Instrumentos de percusión de altura determinada e indeterminada.</li> <li>• A clasificación de intervalos musicais.</li> <li>• Interpretación de contratempos co uso da percusión corporal (dividindo a clase en 2, por exemplo).</li> <li>• Improvisación dun acompañamento rítmico con obxectos sonoros.</li> <li>• A orquestra: historia, tipos e distribución das seccións.</li> <li>• Interpretación coa fruta: <i>Oh Susana, saltos.</i></li> <li>• Acompañamento á música rock galega mediante o uso da percusión corporal.</li> </ul>	<p><b>B2-1.</b> Interpretar utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas, asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.</p> <p><b>B2-2.</b> Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes instrumentos e do propio corpo (percusión corporal).</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
BLOQUE	CONTIDOS DO TRIMESTRE	
<b>3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os pasos dunha danza. Memoria corporal.</li> <li>• Polirritmias realizando diferentes figuracións musicais con diferentes partes do corpo.</li> <li>• O xogo das estatuas.</li> <li>• Creación dunha coreografía completa de xeito individual para unha danza.</li> </ul>	<p><b>B3-1.</b> Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.</p>

## BLOQUE 1. ESCOITA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B1-1.</b> Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	<b>B1-1.1.</b> Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons do medio natural e social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e nomea calidades de sons do medio e de voces.</li> <li>• Identifica as diferentes partes (forte e débil) dos compases musicais.</li> </ul>	CL IE CEC
<b>B1-2.</b> Diferenciar os instrumentos musicais, e coñecer a composición e colocación dos instrumentos da orquestra.	<b>B1-2.1.</b> Distingue os diferentes instrumentos musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica auditivamente e nomea os diferentes instrumentos.</li> <li>• Explora e describe as posibilidades sonoras dos obxectos sonoros con vocabulario progresivamente máis preciso.</li> </ul>	CL AA IE CEC
	<b>B1-2.2.</b> Coñece os instrumentos que forman unha orquestra e sabe a súa colocación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece os instrumentos da orquestra visual e auditivamente.</li> <li>• Sabe como se colocan os instrumentos da orquestra e mostra interese en coñecelo.</li> </ul>	AA IE CEC
<b>B1-3.</b> Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións.	<b>B1-3.1.</b> Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diferencia os estilos e obras musicais.</li> <li>• Coñece diferentes músicos de diferentes épocas e as súas obras máis importantes.</li> <li>• Presta atención e mantense en silencio durante a escoita de pezas musicais.</li> <li>• Explica as sensacións e as emocións que lle transmiten determinadas pezas musicais.</li> </ul>	CL AA IE CEC



## BLOQUE 2. A INTERPRETACIÓN MUSICAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B2-1.</b> Interpretar utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.	<b>B2-1.1.</b> Recoñece e clasifica diferentes instrumentos e toca os que lle pedimos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece e describe instrumentos propios de diferentes familias instrumentais.</li> </ul>	CL AA
	<b>B2-1.2.</b> Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Le e comprende elementos básicos da linguaxe musical (figuras, silencios...); e apóiase en partituras convencionais e non convencionais para acompañar pezas musicais .</li> <li>Crea as súas propias melodías.</li> </ul>	CL AA CEC
	<b>B2-1.3.</b> Traduce a linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Representa melodías e ritmos en musicogramas, utilizando notacións convencionais e non convencionais.</li> </ul>	CL IE CEC
	<b>B2-1.4.</b> Interpreta pezas musicais de diferentes estilos e cultura con e sen acompañamento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interpreta e acompaña cancións e melodías ao unísono.</li> </ul>	CSC CEC
	<b>B2-1.5.</b> Coñece e interpreta diferentes cancións, valorando a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mostra interese por coñecer diferentes manifestacións musicais e por participar na interpretación desas pezas, valorando a súa diversidade e riqueza.</li> </ul>	CEC IE AA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B2-2.</b> Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes instrumentos e do propio corpo (percusión corporal).	<b>B2-2.1.</b> Busca diferentes posibilidades para expresar mediante o corpo e os instrumentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Busca información sobre diversos instrumentos populares doutras comunidades.</li> <li>Usa o corpo e os instrumentos musicais dun xeito creativo.</li> </ul>	CL CD AA CEC

### BLOQUE 3. A MÚSICA, O MOVEMENTO E A DANZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B3-1.</b> Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación.	<b>B3-1.1.</b> Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explora as posibilidades expresivas e sonoras do propio corpo e esforzase por expresarse mediante o movemento e a danza.</li> </ul>	AA CEC
	<b>B3-1.2.</b> Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos e axustándose cada vez mellor á música que soa.</li> </ul>	CSC IE CEC
	<b>B3-1.3</b> Inventa coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical e implica unha orde espacial e temporal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Crea unha coreografía para acompañar unha peza musical esforzándose por lograr a harmonía e coordinación de movementos necesaria.</li> </ul>	IE AA

## ACTIVIDADES

- Audición de pezas para diferenciar as partes (forte e débil) dos compases.
- Audición de pezas populares doutras comunidades.
- Audición de instrumentos das diferentes familias musicais.
- Ficha sobre a orquestra: historia, tipos e distribución das seccións.
- Audición de diferentes estilos musicais.
- Audición de obras de música actual mediante musicograma: *Miña terra galega*, de Siniestro Total.
- Clasificación de intervalos dados (por escrito).
- Improvisación dun acompañamento rítmico con obxectos sonoros.
- Interpretación instrumental coa fruta: *Oh Susana, saltos*.
- Acompañamento á música rock galega mediante o uso da percusión corporal.

## OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	Modelo discursivo/expositivo. Traballo por tarefas.	Actividade e experimentación. Participación. Motivación.	Tarefas individuais.

	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
<b>RECURSOS PARA A AVALIACIÓN</b>	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Diario-clase.</p> <p>Ítems.</p> <p>Documentos gráficos ou textuais.</p> <p>Interpretacións e dramatizacións.</p>	<p><b>Cualificación cualitativa:</b></p> <p>Probas (40%).</p> <p>Observación diaria (35%).</p> <p>Comportamento (25%).</p>
<b>ENSINANZA INDIVIDUALIZADA</b>	Fichas de reforzo e explicacións máis minuciosas nos casos necesarios. Para intervalos, alteracións, ou tons e semitóns é moi útil a axuda da fononimia ou do teclado do piano para ver os conceptos moito máis claros.		
<b>TRABALLO COOPERATIVO</b>	A maioría das actividades van ser individuais, por mor da situación sanitaria actual.		
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	Posibilidade de asistir a algún concerto didáctico.		
<b>PLANS E PROXECTOS</b>	<p>PROXECTO LECTOR E PLAN LINGÜÍSTICO: Lectura de textos e correcta explicación mediante o uso dos termos axeitados.</p> <p>PLAN TIC: Búsqueda de información usando os ordenadores portátiles EDIXGAL.</p> <p>PLAN DE CONVIVENCIA: Actividades grupais que requiren a colaboración e respecto entre iguais.</p>		
<b>EDUCACIÓN EN VALORES</b>	<p>Tratamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As relacións persoais: as diferenzas culturais, a tolerancia.</li> <li>• As relacións persoais: o respecto persoal, o recoñecemento dos dereitos dos demais.</li> </ul>		

## **ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS E POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:**

Debemos ter en conta que os contidos e estándares son practicamente os mesmos durante toda primaria (progresivos), se ben van avanzando en dificultade.

As actividades de interpretación vocal e instrumental realizaranse na aula (aínda que tamén haberá colgados vídeos explicativos en EDIXGAL).

Serán habituais a realización de tarefas globalizadas que busquen o traballo en varias competencias simultaneamente (traballos sobre instrumentos musicais propostos, por exemplo), o uso da TIC (proporcionando páxinas web para traballar as figuracións musicais, por exemplo, como musicaeduca. Farémolo mediante o proxector, e cada un realizaráo dende o seu sitio, xa que manexará o mestre. Ademais, tamén poderán facelo nas súas casas cos seus equipos), traballos de investigación (tarefas sobre músicas doutras partes do mundo, etc...)...

A comunicación coas familias realizarase mediante teléfono, Abalarmóbil ou videoconferencia (Cisco Webex).

### **MÍNIMOS ESIXIBLES:**

- **Coñecer e discriminar as notas e as figuracións musicais.**
- **Coñecer o compás binario (2/4), ternario (3/4) e cuaternario (4/4).**
- **Colocar nunha partitura pulsos, liñas divisorias e acentos.**
- **Recoñecer visual e auditivamente diferentes instrumentos e familias instrumentais.**
- **Realizar bailes de xeito individual.**

- **Tocar cancións coas notas DO, RE, MI, FA, SOL, LA, SI, DO´ e RE´ na fruta doce.**
- **Acompañar mediante o uso de percusión corporal diferentes obras musicais, e comezar a realizar improvisacións sinxelas.**
- **Realizar unha análise dos principais parámetros musicais dunha obra musical.**
- **Coñecer os diferentes períodos musicais, os seus autores, e as súas principais obras musicais.**
- **Realizar a clasificación de intervalos.**

#### **AUTOAVALIACIÓN E EXEMPLOS DE FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN:**

É necesaria levar a cabo unha autoavaliación da programación, vendo se realmente se realizou todo o que nela vén reflexada e sobretudo, vendo se o alumnado foi capaz ou non de acadar as metas propostas. Se non é así, haberá que ver onde estiveron os erros e tentar corrixilos.

En canto ás ferramentas de avaliación, empregaremos algunha táboa con ítems bastante similares para os diferentes cursos, se ben segundo se avanza se vai a ir pedindo un maior grao de perfeccionamento. En cada ítem, teríamos catro graos de desempeño: MAL (M), SUFICIENTE (S), BEN (B), EXCELENTE (E).

# NOME

Escoita en silencio os fragmentos musicais das audicións.

Recoñece auditivamente os instrumentos musicais e as diferentes familias instrumentais.

Realiza as danzas dun xeito correcto

Interpreta as obras propostas con corrección na frauta

Segue recomendacións básicas para obter un bo son coa frauta doce.

Cóñece a diferenza entre pulso, acento, e compás e realiza as fichas avaliativas dun xeito correcto.

Completa compases ternarios sentindo o acento.

Improvisa de forma creativa diferentes coreografías.

1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								
11								
12								
13								
14								

15								
16								
17								
18								
19								
20								
21								
22								
23								
24								
25								
26								
27								
28								
29								